

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 9 DE MARZO DE 2001**

DEPUTACION PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESION EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACION PROVINCIAL EN PLENO DO 9 DE MARZO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 9 de marzo de 2001 reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJO	PP

DON MANUEL VARELA REY
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS
DON JESUS VILLAMOR CALVO

PP
BNG
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da corporación, e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede a dar lectura á Resolución nº 2.435, de 6 de marzo de 2001, pola que se convoca sesión extraordinaria con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

Sr. presidente

Se lles parece ben, antes de comenazar a orde do día deste pleno extraordinario, imos gardar un minuto de silencio polo último atentado da banda terrorista ETA, a morte dun ertzaina.

(Gárdase un minuto de silencio).

1.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA SANEAMENTO DA TRAVESÍA C-550 QUEIRUGA PL. DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ANUALIDADES 1997 E 1998. CÓDIGO 97.3400.0169.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Porto do Son tocante á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidades 1997 e 1998, 5ª fase que foi aprobada o día 28 de novembro de 1997 e da que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto."

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u> <u>1997</u>	<u>Orzamento</u> <u>1998</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
97.3400.0169.0	San. Trav. C-550 Queiruga, Pl.	8.839.386	5.571.832	14.411.218

2.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DE ARZÚA RECINTO FEIRAL MERCADO E ARREDORES PL., INCLUÍDA

NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADES 1998, 1999, 2000 E 2001. CÓDIGO: 98.3400.0265.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Arzúa tocante á aprobación do proxecto reformado da obra do que a contratación lle corresponde a esta Deputación provincial e que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras anualidade 1998, 2ª fase que foi aprobada o día 30 de xaneiro de 1998.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto."

<u>Código</u>	<u>Conc.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento</u> <u>1998</u>	<u>Orzamento</u> <u>1999</u>	<u>Orzamento</u> <u>2000</u>	<u>Orzamento</u> <u>2001</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
98.3400.0265.0	Arzúa	Recinto Ferial Mercado e arredores, Pl	44.642.857	31.250.000	25.937.500	23.169.643	125.000.000

3.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO POR CAMBIO DE PARCELA DA OBRA PISCINA DESCUBERTA EN CURTIS-ESTACIÓN, DO CONCELLO DE CURTIS INCLUÍDA NA 2ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0010.0.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para anunciar a posición de abstención do noso grupo na medida en que, como se sabe, este reformado leva consigo un aumento da asignación económica que, en principio, figuraba para a obra. Polo tanto, imos absternos.

Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1º.-Aprobar o proxecto reformado, por cambio de parcela da obra Piscina descuberta Curtis-Estación do concello de Curtis, código 99.7450.0010.0, que foi incluída na 2ª fase da primeira programación plurianual das obras que vai contratar a deputación incluídas no Convenio Xunta-Deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de marzo de 1999. Ó importe deste proxecto reformado deberá sumarse o importe correspondente á porción de obra xa executada que ascende á cantidade de 551.028.- ptas. sobre contrata e a 548.273.- ptas. sobre adxudicación, co cal o importe total da obra, sumados ambos conceptos, é de 51.662.008.- ptas. sobre contrata e de 51.403.698.- ptas. sobre adxudicación.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado con motivo dos gastos xerados polo movemento de terras na parcela orixinal que ascende á cantidade de 551.028.- ptas. sobre contrata e 548.273 ptas. sobre adxudicación, que xa foron certificadas e aboadas ó contratista, na certificación nº 1 das emitidas en relación a esta obra.

A este incremento asignaráselle o código 01.7450.0010.1 e financiarao integralmente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, calculados sobre o orzamento de contrata, ofrecen o seguinte resumo:

Achegas	Anualidade 99	Anualidade 00	Anualidade 01	Total
Deputación	10.649.563	10.602.614	17.632.086	38.884.263
Conc. Fondos propios	4.000.000	4.000.000	4.777.745	12.777.745
Total....	14.649.563	14.602.614	22.409.831	51.662.008

2º.-Someter o expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións, entenderase definitivamente aprobado."

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISTA DE ATLETISMO, DO CONCELLO DE RIBEIRA, INCLUÍDA NA 5ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE VAI CONTRATAR A DEPUTACIÓN NO MARCO DO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS. CÓDIGO 99.7450.0020.0.

Por unanimidade apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar o proxecto reformado da obra Pista de atletismo do concello de Ribeira, código 99.7450.0020.0, que foi incluída na 5ª fase da Primeira programación

plurianual do Convenio Xunta-Deputación de instalacións deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 11 de xuño de 1999, dado que a modificación non supón variación no obxecto nin na finalidade do proxecto, tampouco supón variación no orzamento da obra, nin do convenio no seu conxunto, sendo os datos de financiamento desta obra os seguintes:

	OTO. TOTAL CONTRATA	1.999	2.000	2.001
Deputación	75.000.000	24.680.389	24.963.801	25.355.810
Achega Concello	25.000.000	9.033.412	8.750.000	7.216.588
TOTAL	100.000.000	33.713.801	33.713.801	32.572.398

5.-APROBACIÓN DA ANUALIDADE 2001 DO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (2000-2006) E DO PLAN COMPLEMENTARIO Á ANUALIDADE 2001.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Tanto pola contía económica que representa o plan que se somete a debate e aprobación por parte desta corporación como, fundamentalmente, tamén polo significado que pode ter no que respecta ó que son os criterios e o que é a política de planificación da institución, que ás veces tamén, eu diría case sempre, é tan importante a metodoloxía que se elixe para facer un plan, como despois as propias cifras que se barallan cando se resolve, diría que tanto por unha cousa como por outra, pensamos nosoutros que aquí teríase que suscitar hoxe un importante debate, e pensamos ademais que se, non o dereito, senón o deber de reflexión e de análise que lle corresponde a esta institución, se levara a cabo ese deber, se cumpríramos con ese deber hoxe, deberíamos dar aquí un debate amplo e importante.

Se o deber que temos como institución, ademais, se o que nos corresponde neste aparello institucional, do cal a Deputación forma parte, cumprírase, no senso da planificación e a racionalización, tamén seguramente teríamos que dar hoxe aquí un importante debate. Sospeitamos, nembargantes, polos antecedentes e pola forma en que se levou a discusión na comision correspondente, e tamén pola propia proposta que se trae, que esta deputación vai pasar máis dunha vez por encima dun debate que, a fin de contas, case case referencia o núcleo da razón de ser desta institución.

Eu quería lembrar aquí, en primeiro lugar -porque as cousas, na medida que pasa o tempo, é cando se ve a orientación e incluso a virtualidade que teñen-, quería lembrar aquí que, ó pouco de constituírse esta corporación, esta nova corporación, en agosto do ano 1.999, o noso grupo, o Bloque Nacionalista Galego, reiterou, creo que por enésima vez, parecemo, unha proposta de que se creara unha comisión de traballo, na propia Comisión de Cooperación, ou unha comisión, digamos, específica, para intentar camiñar na unificación de tódolos diversos instrumentos de cooperación local que está manexando a Deputación da Coruña. Entendíamos entón, seguimos entendendo, por suposto, que non procede que unha institución como a nosa que, ademais, pretende dar exemplo de racionalización pero que, fundamentalmente, está

traballando cuns concellos que son as institucións máis básicas, son aqueles que desexan saber as "fabas" contadas que teñen a principios de ano para poder planificar as súas necesidades, que non era normal, dicía, que seguisemos mantendo un abano de convocatorias e un abano de posibilidades de planificación para os concellos, e que era case unha posición de senso común que traballasemos nesa liña de articular ou chegar o máis que puideramos ó que tradicionalmente se denominou aquí plan único, canto menos, que non mantiveramos este importantísimo e amplo abano, que lonxe de correxirse, ademais, estase consolidando na deputación, que son unha serie de convocatorias que teñen todas a mesma finalidade, pero que se rexen por criterios distintos, por prazos distintos e por mecanismos distintos.

Lamentablemente, aquela discusión que nosoutros propiciamos non saíu adiante, o grupo de goberno coa súa maioría entendeu que, aínda que me parece recordar que había algunha fase de que si, de que se coincidía na filosofía, pero claro, aquí, lonxe da filosofía, o máis interesante que se camiña na práctica e nas propostas que se fan. E, polo tanto, da filosofía pasamos á nada, e non houbo absolutamente nada.

¿Que ten que ver isto co punto do plan operativo local? Sinxelamente, que hoxe imos resolver aquí, segundo a proposta que se trae, un tema que tampouco é novidoso no debate desta Corporación, porque eu quería lembrar que xa en setembro do pasado ano, do ano 2000, a preguntas, non nun só Pleno -que despois tamén se preguntou en outubro-, pero concretamente nun Pleno de setembro, se as compañeiras e compañeiros revisan as actas, encontraranse con que hai unha pregunta concreta dunha compañeira do noso grupo, da compañeira Pilar, que interrogaba ó Sr. presidente respecto de cáles ían ser os criterios para a formulación do Plan operativo local, que hai que dicir que tiña unha virtualidade de sete anos, que xa entón sabíamos que unha anualidade desaparecería, porque a anualidade 2.000 houbo que facela ás presas para non perder o diñeiro correspondente, pero que en todo caso lle quedaban seis anualidades. E a miña compañeira increpaba, no senso de lle preguntar ó Sr. presidente cáles ían ser os criterios e cál ía ser, en concreto, a metodoloxía. E o Sr. presidente contestaba entón, teño aquí copia da acta, que había un compromiso, dicíalle que na reunión aquela famosa que houbera no Pazo de Mariñán, que o seu compromiso, digamos a nota que el lle pasara ós concellos era que, respecto do que eran as cantidades económicas, ía respectar, ou íase intentar manter como cantidade orientativa o que recibía cada un dos concellos na anualidade correspondente do Plan de obras e servizos, que hai que dicir aquí que, neste momento, é o único plan que está regulado na asignación correspondente que se lle dá a cada concello, é dicir, nosoutros sempre dixemos, parecíanos oportuno que se volvía discutir dos parámetros, fundamentalmente por algo que xa dixo a miña compañeira no ano anterior, que se refire á consideración que se fai do número de parroquias, e non dos núcleos de poboación, que pensamos nosoutros que é moito máis obxectivo pero en calquera caso hai uns criterios, entón a nosoutros preocúpanos entón que dicindo o presidente que, efectivamente, íanse utilizar os mesmos criterios que se utilizaron no POS, agora nos encontremos, en realidade, cunha situación, como explicarei máis tarde, bastante diferente.

Suscítase, polo tanto, o primeiro debate no mes de setembro, o Sr. presidente avanza que vai haber uns criterios e que van ser similares ós do POS, nosoutros en

principio, aínda que xa sospeitamos que non vai ser así porque non é a primeira vez que se elabora o POL, e sobre todo, porque non hai uns criterios previamente establecidos, quedan aí as palabras do presidente e parece que un certo compromiso. Pero entón xa o conxunto dos concellos carecían das directrices, entendemos nosoutros, porque a maiores desa recomendación que se lles pasara na reunión de Mariñán, non coñecían as directrices da elaboración do plan, ou coñecían, digamos, esas referencias que, sorprendentemente, non coñecíamos ós membros desta corporación, é dicir, que máis dunha vez, o que pasaba aquí é que, aqueles que temos finalmente que aprobar o Plan operativo local, porque ademais é un plan que aproba esta deputación, tiñamos moitísima menos información cá que, supostamente, tiñan os concellos da nosa provincia.

Desprendíase daquela circular enviada ós concellos da provincia, e xa o dixemos tamén nosoutros entón, que era unha circular confusa e incorrecta, desprendíase claramente que o proceso podía terminar dunha forma similar ou parecida á que hoxe se presenta aquí como proposta, ¿por que?, primeiro, porque se trataba dun plan plurianual a seis anos, e non se sabía realmente como se ía articular precisamente a planificación con ese carácter plurianual; segundo, carecíase de concreción á hora de fixar as cantidades económicas correspondentes, máis alá desa promesa do Sr. presidente a preguntas do Bloque Nacionalista Galego neste pleno; e despois surxía a gran dúbida de que, sendo un plan a seis anos, íanse respectar ou non as prioridades que marcaban cada un dos concellos, porque como se sabe, digamos que aquí os concellos participan porque hai unha petición previa da deputación pero corresponde finalmente á deputación o respecto, ou non, ou a articulación da proposta en función das prioridades que marcaron os concellos. E aquí surxiu o primeiro problema, a maioría dos concellos metéusenos nunha especie de carreira por facer proxectos sen ter unha referencia clara, a maioría de nosoutros, de cál podía ser a cantidade orientativa por máis que, todo hai que dicilo, tamén nos medios de comunicación viamos que "...O Concello de tal elaborou... porque ten promesa de que a deputación lle vai dar 200 millóns; o concello de xe fai unha proposta a seis anos de 1.000 millóns de pesetas", pero non era en base, precisamente, á consideración dunha cantidade que figurara escrita por ningures, senón en base, precisamente, a unha previsión que se intentaba que fora a ser así, cando todos sabiamos que cada anualidade eran mil douscentos trinta e pico millóns de pesetas, paréceme que era a cantidade exacta e, polo tanto, que tamén iso estaba acoutado. Entón, metéusenos ós concellos nunha tremenda carreira de elaborar proxectos, de meter todo, etc., etc., e agora, naturalmente, como imos ver despois, sae o que sae.

¿Cales son as conclusións que nosoutros extraemos deste proceso?, dito está que a primeira anualidade xa non foi unha anualidade do POL, a anualidade 2000 foi unha cantidade que estaba aí, que tiñamos que investir canto antes porque urxía, pero non correspondeu a un proceso de planificación dun POL 2000-2007, senón que foi, fóusenos aquí e díxosenos, temos que mirar non sei cantas obras, porque senón perdemos o diñeiro deste ano; colléronse a maioría, as correspondentes a vías provinciais, e máis algunhas de saneamento que estaban aí, pero digamos que a anualidade 2001 xa non entrou no proceso de planificación que, teoricamente, fíxerase a través daquelas circulares ós concellos.

En segundo lugar, e o máis importante, eu xa non sei se é a primeira vez pero, desde logo, no tempo que levo eu aquí sóame que, cando se aprobaba o Plan operativo local plurianual, aprobábanse as previsións para tódolos anos e separábase cada unha das anualidades. Entón, a min o que me estraña neste momento é que nosoutros aquí non aprobamos o Plan operativo local 2000-2006, en ningún Pleno desta deputación se aprobou a previsión, ou como se queira chamar, 2000-2006, primeira consideración que quero facer, porque é estrañísimo, se son previsións a seis anos, e su xa sei que iso é modificable, pero ¿por que non se aproba aquí o Plan operativo local 2000-2006, e a aprobación concreta das obras do Plan 2001?, primeira sospeita, primeira pregunta que temos aquí. Non hai programación plurianual, senón que se van sacando cuarteiróns diso, pero sen aprobar o total, senón que se van sacando as obras de cada unha das anualidades.

¿E que pasa en concreto no ano 2001?, pois no ano 2001 pasa, como dicía o Sr. Iglesias Corral no seu momento, pasou o que pasou, e aquí pasa o que pasa. Pasa que hoxe se nos presenta aquí unha listaxe, unha listaxe oficial, unha listaxe de obras que van, digamos, de titulares, xa recorrendo a elementos futbolísticos, que van de titulares, unha listaxe de 20 concellos, e unha mancomunidad e tres concellos que, singularmente están nese apartado dos que son entre 20 e 50.000 habitantes. Pasa que entran outros 27 concellos diferentes no plan complementario, á marxe de repetirse algún dos concellos que xa figuran como titulares. E o resultado final que temos aquí, no tocante a cifras e a operación aritmética é que, exactamente, dos 94 concellos da provincia -que non serían 94, porque as tres cidades de máis de 50.000 habitantes non entran, é dicir, Ferrol, Santiago e A Coruña, polo tanto, teríamos 91-, pero separando iso éntranos en total 50 concellos e unha mancomunidad, co cal quedan fóra, quitando eses tres ós que me acabo de referir, 41 concellos da nosa provincia quedan fora das obras, que non sabemos, porque aquí de momento non hai máis que anualidade 2001, nosoutros non sabemos as previsións nin para o 2002, nin para o 2003, nin para o 4, nin para o 5, nin para o 6, polo tanto, estamos aquí operando sobre unha especie de pantano no que corremos o risco ademais de afundirnos. Quedan fora para o ano que vén 41 concellos que quero pensar, e ademais atrevome a afirmar, que todos eles tramitaron obras para incluír na anualidade do ano 2001, atrevome a afirmar ademais que é así, porque ademais seino, agás que de súpeto os concellos por arte de birli birloque, viran os seus problemas solucionados e decidiran non pedir.

Prioridades municipais, ¿respéctanse?, é dicir, ¿as prioridades que mandaron os concellos son as que figuran aquí realmente incluídas?, ben pois, polo que nosoutros sabemos, temos constancia, ademais temos constancia verificada, de que algúns concellos viron relegadas as peticións que facían para o 2001, é dicir, que non as viron relegadas, desapareceron, mentres que se os inclúe, ou ben de titulares, ou ben de suplentes, obras que estaban, non preferenciadas, senón que figuraban, por exemplo, para o 2.002, ou para o 2.003. Polo tanto, claro, eu quero pensar que se un concello di que para el o que é prioritario é que se faga a obra xe no 2001, e despois a deputación que lle poña 2004, que o concello, que a institución municipal que é a que sabe realmente os problemas que ten, que faga esa planificación.

E, por certo, quero dicir que a min non me serve, ó BNG no lle serve a pretendida escusa de que incluimos na listaxe das obras titulares aquelas que teñen toda a documentación feita, porque quero pensar que, cando se fai unha convocatoria e se establece un prazo, establécese para todo o mundo e, polo tanto, esíxelle a todo o mundo que se non ten as obras listas con proxectos o día xe, esas obras non se inclúen.

Entón, en fin, non querría que se fixese unha interpretación de carácter técnico, porque ademais sei que aquí non hai un problema de carácter técnico, sei que se está utilizando que algúns concellos tiñan a documentación incompleta para relegalos de aquí, mentres que outros, posiblemente se fixo un gran esforzo para que tiveran a documentación completa cando tiñan que tela. Polo tanto, tampouco se está respectando a autonomía municipal.

E finalmente, qué é o que ocorre co que a nosoutros nos interesaba na primeira pregunta que fixemos de cáles ían ser as achegas económicas, volvo ó que dixo o Sr. presidente, cantidade orientativa, o que se daba, por exemplo no Plan de obras e servizos. Eu, por exemplo, sei que a un dos concellos que non aparece, parece ser que por un problema de carácter técnico, que é o Concello de Narón, que está nese grupo de entre 20 e 50.000 habitantes, ó Concello de Narón díxoselle que para seis anualidades - e disto teño eu o papel, teño copia-, para seis anualidades dispoñía dun total de financiamento de 107 millóns de pesetas, que podemos dividir en seis e darianos a cantidade anual, por dicilo dalgunha maneira, que é o que nos interesa. A nosa gran sorpresa é que agora observamos que algún concello, que non é nin a cuarta parte do Concello de Narón, que ten 33.000 habitantes, figura, ou ben de titular, ou ben de suplente, na listaxe que se nos trae hoxe aquí, cunha cantidade moi superior á que lle correspondería, nunha anualidade, unha cantidade superior á que lle correspondería ó Concello de Narón nas seis anualidades. Entón claro, aquí rómpese o esquema e é onde un ve cantidades de 12 millóns, 13 millóns, 128 millóns, 107 millóns, entón claro, nosoutros o que estamos aí observando é que, precisamente, polo feito de que nosoutros non fosemos capaces de concretar unhas directrices, agora, coa escusa de que ós concellos non lle imos dividir un proxecto de saneamento que ten entre as anualidades, non llelo imos dividir nosoutros, e claro, esa é a andrómena que se fai para despois incluír algúns proxectos e que outros non figuren.

E, polo tanto, e termino con esta primeira intervención, eu creo, Sr. presidente, que nosoutros seguimos sen exercer o mandato fundamental que temos que é o mandato de planificación, aquí non hai en absoluto planificación de ningún tipo.

En segundo lugar, damos orientacións que son tan inconcretas que despois permiten que isto funcione como un caixón de xastre do cal sae o que sae, e a nosoutros, eu teño que dicilo con toda claridade, non nos gusta en absoluto a proposta que se somete a debate hoxe aquí, pero sobre todo non nos gusta por unha razón, porque o comentario que puidemos percibir de que claro, algúns non figuran, pero figurarán, non pasa de ser un gran interrogante que se nos pon diante dos nosos narices porque, a maiores de todo iso, resulta que a planificación nin sequera a coñecemos, non é que non se aprobara, é que nin sequera hai unha listaxe onde nos digan, "e este é o

resto das obras que hai de aquí ó 2000 ó 2006, que se poderán facer ou non", nin sequera temos iso, nin sequera temos esa listaxe.

Polo tanto, Sr. presidente, non exercemos o noso dereito, senón o noso deber de planificación, e eu temo, e ademais afirmo, que estamos reiterando e complicando aínda máis o sistema de reparto que ten esta deputación, e o que debería de ser un proceso de planificación convértese nun proceso de reparto, e ademais malo.

Nosoutros non temos nada en absoluto en contra dos concellos que boamente, dunha maneira honrada, tramitaron os proxectos a través deste proceso, inexplicable, enrevesado e, desde logo, pouco racional, non temos nada en contra, pero eu creo que a proposta que se trae hoxe aquí é un exemplo de como unha institución en lugar de perder o tempo en facer algo de planificación, reaviva, revive e ademais posterga unha decisión que nosoutros tiñamos que ter tomado hai tempo, que era a posibilidade, porque ademais sabiamos que tiñamos este plan aí, podíamos ter dado o debate no 99, puidemos ter articulado esa comisión de traballo e ese debate ante de que saíse, en setembro, ou en xuño do ano pasado, e perdemos dous anos preciosos, para traer hoxe aquí máis do mesmo.

Polo tanto, Sr. presidente, nosoutros imos absternos ante esta proposta, pero sobre todo porque pensamos que quedamos co cu ó aire, dicíndoo con toda claridade, isto revela unha vez máis que aquí non se ten ningún interese en cambiar as cousas, por máis que esta deputación siga tendo, e termino agora si xa definitivamente, siga tendo para o mesmo fin, oito plans distintos aínda considerados dentro dos seus orzamentos, que é o símbolo de que non hai racionalidade, de que non hai programación, e desde logo, de que non cumprimos o deber fundamental que temos mentres que esteamos aquí, que é traballar da maneira máis áxil cos concellos da nosa provincia. Polo tanto, reitero a posición do BNG de abstención ante a proposta concreta que se trae hoxe aquí polas razóns expostas.

Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista vai votar favorablemente a proposta que se nos trae á nosa consideración, vai votar favorablemente o Plan operativo local 2001 e vai votar favorablemente o Plan compensatorio 2001, pero o voto favorable é no entendemento de que as obras que están determinadas no Plan complementario, son obras que se van financiar neste exercicio coas baixas que se produzan nas adxudicacións do Plan operativo local do 2001 e as que non sexan financiadas son as prioritarias para conformar o Plan operativo local 2002. Neste sentido, e nese entendemento, o noso voto vai ser favorable.

Pero ó fío deste punto, gustárame facer algunhas reflexións. Este é un plan que se financia en parte, en gran parte, con fondos provenientes da Unión Europea, e hai outros plans, e hai outros fondos, ós que ten acceso a deputación, e que esta deputación non ten acceso.

Hai uns meses o grupo socialista presentou neste Pleno unha moción para que a deputación se preocupase por ter acceso ós fondos de cohesión para o período 2000-2006. É a única Deputación de España que non vai participar nos fondos de cohesión destinados a deputacións, concellos e consorcios ou mancomunidades municipais, e concretamente, as outras deputacións de Galicia reciben diñeiro e van participar. O pasado día 22 de febreiro o Ministro de Facenda, o Sr. Montoro, deu a coñecer os proxectos aprobados correspondentes ós fondos de cohesión para deputacións, mancomunidades e consorcios. Non figura ningún proxecto da provincia da Coruña, ningún. Sen embargo, a provincia de Lugo vai recibir 400 millóns de pesetas, a provincia de Ourense, en proxectos xestionados pola propia Deputación Provincial de Ourense, vai recibir 982 millóns de pesetas, e a provincia de Pontevedra vai recibir 869 millóns de pesetas.

Non podemos limitarnos a xestionar administrativamente, a xestionar mecanicamente. Recibimos uns fondos das transferencias correntes do Estado, participamos nuns programas europeos que designa o goberno da nación, como este caso o POL, e distribuímoslos entre os concellos da provincia nuns casos cuns criterios obxectivos e pactados entre todos, como é o POS, e noutros casos con outros criterios, pero distribúense de forma administrativa, mecánica, pero a Deputación Provincial da Coruña debe de preocuparse por ter acceso a outros fondos que existen en Europa, e que outras deputacións de España si se preocuparon, van participar as tres restantes, e esta da Coruña é a única de España que non vai participar. E con isto queremos facer unha chamada de atención, non podemos xestionar mecanicamente o que nos dan, temos que facer algo máis, e vemos con preocupación cómo hai unha deficiente xestión nesta Deputación provincial.

No último Pleno ordinario vimos, cando se nos presenta a liquidación da conta do balance do ano pasado, vimos como se xestionou o 54% do orzamento, é dicir, a xestión do orzamento do ano pasado foi o 54%. Se sacamos as nóminas de persoal, Capítulo I, e outras partidas, ó final a deputación xestionou o 30% do orzamento, hai un problema grave de xestión, poñémolo encima da mesa para chamar a atención sobre isto, porque debemos de preocuparnos de xestionar, de xestionar internamente, que o que estamos facendo con moitas deficiencias, e de xestionar externamente para conseguir cousas que outros conseguiron e están conseguindo, quizais con menos medios, esas deputacións, que os que teñen a Deputación da Coruña. Polo tanto, a provincia non pode perder oportunidades, e estamos perdendo oportunidades porque hai unha deficiente xestión no goberno da Deputación provincial.

O grupo socialista fórmulao como unha chamada de atención máis para solicitarlle ó goberno provincial, ó goberno da provincia, que deben de preocuparse por ter acceso a cousas que existen, que están funcionando, que outros se preocupan e consígueno, e dedicarnos a xestionar con máis imaxinación, a presentarnos o futuro da provincia, a planificar o futuro da provincia e a non xestionar administrativamente, mecanicamente, porque iso fano os funcionarios, é moi doado xestionar estes plans: distribúense porcentaxes, a cada concello correspóndelle ó que lle corresponda, pero non estamos só para iso, estamos para iso e para algo máis.

Polo tanto, reitero, o noso voto vai ser favorable, entendendo que é un voto favorable ó Plan operativo local do 2001, e tamén ó Plan complementario 2001 no sentido de que as prioridades que se fixan hoxe no Plan complementario son prioridades, e se son prioridades no 2001, deben de serlo tamén no 2002, e aquelas obras que non poidan ser executadas coas baixas que se produzan na adxudicación, ten que pasar a conformar o Plan operativo local do ano 2.002 e a pedir un maior esforzo, eu sei que a deputación, e quero recoñecelo, despois daquela moción que o grupo socialista presentou, está facendo esforzos, son esforzos necesarios, pero non suficientes, animar e solicitar ó goberno provincial que se involucre dunha maior forma para conseguir esas axudas que existen, que tódolos demais están conseguindo, e que nosoutros somos os únicos que non conseguimos nin unha soa peseta por desidia, por abandono, por falta de coñecemento, por falta de xestión, non sei por que, pero o certo é que Lugo, con proxectos presentados pola Deputación de Lugo, conseguiu 400 millóns de pesetas; Ourense, por proxectos presentados pola Deputación de Ourense, conseguiu 981 millóns de pesetas; Pontevedra, por proxectos presentados pola Deputación de Pontevedra, foron 889 millóns de pesetas, e A Coruña, por ningún proxecto presentado, conseguiu cero pesetas.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Varela Rey

Estamos falando de dous temas que teñen relación, como son o POL nestes momentos e calquera outro tipo de fondo europeo e fondos de cohesión que poida ser beneficiaria a Deputación da Coruña. A deputación está traballando en ter acceso a todo tipo de fondos e de financiamento para tratar de conseguir todo tipo de axudas nese sentido. Polo tanto, agradecemos o voto favorable a este POL por parte do grupo socialista e na tranquilidade de que se está realizando esa planificación para chegar a conseguir tamén eses fondos.

Respecto á longa intervención do deputado do Bloque, eu fixen aquí unha serie de anotacións, pero resumiría unha idea na que diferimos substancialmente. O portavoz do BNG incide unha e outra vez de que por parte da deputación non se planifica, que non planificamos, que non buscamos a situación onde debe ir o investimento. Ben, eu creo que aí o Partido Popular, o grupo de goberno entende doutra maneira o que debe de facer, é dicir, aquí hai unha autonomía municipal, aquí hai unha economía, un financiamento destinado ós concellos, entón deben ser, entendemos nosoutros, os concellos os que sinalen a prioridade, as preferencias, esa planificación que cada concello debe de ter e que, polo que eu entendo do BNG, o BNG pretendería facerlle a planificación desde aquí. Eu creo que iso sería un carácter intervencionista, que seguramente que non respondería ó interese de cada concello.

(Abandona o salón o Sr. Poza Domínguez).

Desde logo, o grupo de goberno, fundamentalmente, entende que debe de haber esa autonomía municipal, que é moi necesaria.

Respecto a este plan vou clarificar un par de aspectos. Tódolos proxectos que foron presentados foron supervisados, e aqueles que reunían as condicións da convocatoria son os que se incorporan hoxe á aprobación do plan. Aqueles que tiñan algunha dificultade están no Plan adicional, ese plan complementario que se sacará coas baixas, que vai permitir que outros concellos poidan acceder a determinadas obras. En todo caso, o que si houbo desde o primeiro momento foi unha información total e absoluta, total claridade, nun esforzo, persoal incluso, do propio presidente, de reunir a tódolos concellos, explicarlle cál ía ser o montante global do financiamento ata o ano 2007, dar o tempo suficiente entre a reunión que o propio presidente mantén en Mariñán con tódolos concellos, para que calquera dúbida puidera ser resolta e, efectivamente, sinalar como cantidade indicativa, como cantidade referencial, aquela que correspondería, en máis ou en menos, o que serían os criterios do POS, criterios do POS onde se contempla a poboación, onde se contempla a superficie, ou o número de núcleos e de parroquias. Parece que é un criterio máis obxectivo co que traballamos nesta entidade e, polo tanto, ese é o criterio que marcou desde un principio, desde aquí, e que o propio presidente explicou perfectamente a tódolos concellos e a tódolos alcaldes, e eu creo que esa confusión que ten o portavoz do BNG, que non é tal desde os concellos, eu creo que os alcaldes que teñen moito máis claro que ten o representante do BNG, que é o que se pretende, cál é o obxectivo, os obxectivos están marcados desde a propia Comunidade Europea, fundamentalmente para a mellora de infraestruturas, onde aínda moitos concellos estamos necesitados, sobre todo cunha dispersión grande como é a provincia da Coruña, unha dispersión de poboación, estamos necesitados aínda das infraestruturas básicas que son as que están, que se ven perfectamente plasmadas nas propostas que cada concello lle solicitou aquí á deputación. Quizais a única pena que temos desde o goberno, e aí coincidimos co PSOE, é que en lugar de ter estes miles de millóns que dispoñemos neste plan ata o 2007, que non fora tan sequera o dobre, para que os propios concellos puideran sinalar as súas preferencias, e a deputación supervisar e axudar na tramitación destes expedientes que, loxicamente, é a pretensión. Pero en todo caso, aqueles concellos que non entraron nesta primeira fase é, ou ben porque teñen unha planificación máis a medio prazo, pero saben que teñen esa reserva, que se non é para este ano, é para o exercicio que vén, e ó mellor por algún outro moitvo que se poida descoñecer, ó mellor que estean tramitando algún tipo de axudas noutro organismo, como pode ser a Xunta, porque tamén desde a Xunta se acomete planificación no ámbito da infraestrutura, como poden ser redes de auga, ou redes de saneamento, e que, ó mellor, para non ocultar esas peticións, entendan que non era o momento de presentalo, pero que saben que teñen esa reserva económica de cara a seguintes exercicios e, polo tanto, ese é o compromiso desta deputación, desta Corporación provincial, de cara a este ano e a sucesivas anualidades.

Polo tanto, é unha mágoa que non teñamos máis diñeiro, máis economía, máis recursos, para facer esta planificación, que entendemos que deben de ser os concellos e que non debe de haber un carácter intervencionista por parte da Deputación provincial. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

Eu non sei se efectivamente, o Sr. portavoz do Partido Popular fala do mesmo que estamos falando nosoutros, pero polo final que tivo a súa intervención, non estamos falando do mesmo, porque vostede do único que se apena é de que non haxa máis diñeiro, e nosoutros, facendo bo aquel refrán que poderíamos terminar aquí, case case cumprindo aquilo que dicía que "Deus dálle pan a quen non ten dentes", e vostede preocúpase polo diñeiro, e nosoutros preocupámonos polo diñeiro, pero sobre todo estámonos preocupando por cómo se reparte o diñeiro, porque ademais é unha función primordial, ¿ou vimos aquí a facerlle unha petición ó goberno central para que en lugar de darnos o que nos dá, que nos dea máis?, se vimos a iso, votámolo a favor, teña vostede en conta que todo o que sexa pedir, pedir racionalmente, aquí nos vai ter a nosoutros, pero non estamos falando disto, estamos falando doutra cousa distinta. ¿E de que estamos falando?, de que o Plan operativo local do ano 2001 ten un financiamento que nosoutros coñecemos desde o mes de xuño do ano pasado, 1.235 millóns de pesetas. Se temos 1.235 millóns de pesetas, e é certo a filosofía que o Sr. presidente desta deputación pretendía que o grupo de goberno lle imprimise a este plan, que era utilizar como cantidade orientativa o que se recibe por parte do POS, cóllase a estimación que hai no POS para tódalas obras e, en función diso, mándese a seguinte circular ós concellos: "Teñen vostedes que planificarme obras para seis anualidades, tomando esta cantidade como orientativa, e tomando esta cantidade como orientativa teñen vostedes que ter o 30 de setembro, ou o 30 de outubro, o proxecto, con disposición de terreos, etc., etc., con esta cantidade concreta para executar no ano 2001". Pero iso non foi así, e ¿por que non foi así?, porque eu non podo pensar, ¿como vou pensar en que 40 ou 41 concellos desta provincia fixeron todo iso ó revés?, iso non é así, eu non podo pensar baixo ningún concepto que aquí o persoal de repente sexa tan "burramián" que pasa as cousas ó revés. ¿Sabe o que pasou?, o que eu lle dixen ó principio, que a convocatoria era incorrecta, que moitos meteron anualidades de ata douscentos trinta e pico millóns de pesetas cada ano, porque lles parecía que iso ía pasar, cando co reparto orientativo do POS lles corresponderían 22 millóns de pesetas; ¿e cal é o resultado diso?, pois que se coa, ó mellor resulta que leva os proxectos de douscentos e pico millóns de pesetas, pero se lle aplican o outro e non ten o proxecto, ó mellor, nin leva os douscentos e pico, nin os vintedous que lle correspondían.

Entón, por favor, sexamos racionais, non estamos falando do mesmo. Eu creo que a primeira obriga de planificación tena esta deputación en facer unhas bases e uns criterios que se poidan constatar encima da mesa e que poidan ser interpretados por parte de todo o mundo e vostede sabe, Sr. Varela, vostede sabe que na maioría dos concellos a interpretación que se fixo foi confusa, senón mire vostede a relación de concellos que hai aí coas peticións que fixeron, e iso non se parece nada en absoluto á existencia de criterios predeterminados, puxeron o que lles pareceu, pero ¿por que puxeron o que lles pareceu?, porque lles pedimos o que nos parecía, máis nada, que é a mellor maneira que despois, ó final, resolvamos o que nos parece, que é o que se resolva hoxe aquí, isto non é froito de ningunha planificación, porque se no Plan de obras e servizos lle dicimos, a vostede correspóndelle tanto diñeiro e tanto de achega municipal, faga vostede o proxecto e téñao aquí o día 30, ¿que nos pode vir un ó día seguinte?, pódese equivocar, pero non corenta e pico, hai corenta e pico concellos que non figuran aquí, de súpeto tramitaron todos mal os proxectos. Xa non quero entrar, Sr. Varela, en que a nosa pretendida protección ós concellos pola súa situación económica

se converta nunha especie de espada de Damocles, porque claro, se eu fago unha planificación a seis anos, e meto 14 proxectos, e vostede obrígame a facer os 14 proxectos, despois, como dicía o outro, gasto máis en proxectos ca na obra que vostede me vai dar, que esa é outra historia que habería que empezar a mirar, é dicir, eu baixo a garantía de que vostede me dá a cantidade económica para facer o proxecto, eu fago o proxecto, pero se teño que andar encargando a gabinetes, e gastar medio millón, ou setecentas mil pesetas nun proxecto, para facer despois unha obra de tres millóns de pesetas, case case é mellor que me quede en casa.

Entón, eu creo que nosoutros aquí non estamos practicando esa política de racionalización, e a datos remítome: ¿corenta e pico concellos que non están nin no plan inicial nin no complementario?, é rarísimo, de súpeto, en fin, produciuse aquí unha especie de milagre, xa hai saneamentos en tódolos sitios, xa hai abastecementos, xa hai..., non o creo, non o creo, polo tanto, algo fallou no sistema previo de planificación e na clarificación de cales eran os criterios para que isto saíra como saíu. E eu non quero culpabilizar soamente ós concellos, que poden ser bos ou malos, sabe que lle dixen "de establecérense os criterios, cúmplanse", é dicir, se nosoutros lle dicimos ó concello: "teña vostede unha previsión a seis anos e o proxecto do ano 2000 cunha cantidade referenciada a esta, o día 30 de setembro", está aquí o día 30 de setembro, e se non está, non hai proxecto. Pero unha cousa, é iso, e outra cousa é o que nos pasou aquí, que é totalmente distinto, e eu négome agora a botarlle tódalas culpas ós concellos e que o tramitaron mal, iso non é posible, non é crible ademais, Sr. Varela. A autonomía municipal pódese exercer cando hai fondos económicos e claridade, así se exerce a autonomía municipal, e vostede non entendeu a miña intervención, eu estáballe dicindo o contrario do que vostede interpretou, entón, vólvollo a dicir. Estoulle dicindo que, precisamente, o que non fai a deputación é respectar a autonomía municipal, porque se a un concello que tiña a previsión de facer unha obra o ano que vén, vostedes non lla poñen para o ano que vén a que tiña pensado facer no 2003, ¿vostede que entende por autonomía municipal?, ¿empeza polo 2.006 para abaixo?, iso non é autonomía municipal. Entón, o concello non é culpable de que vostedes agora dicidan meterlle unha obra que estaba para o 2003, e non lle metan a que tiña prevista para o 2.001, e iso é autonomía municipal. Pero sobre todo, voulle dicir, que a autonomía municipal exercecse cando existe claridade e cando hai dispoñibilidade económica, é dicir, como dicía o outro, "eu quero o cheque asinado, a min isto de promesas non me vale para nada, quero o cheque asinado", e non había cheques para isto, non houbo cheque, nin previsións, nin un papel. Por certo, onde si houbo foi nos concellos, e vostede saberá porque era un dos que entraba nese grupo, nos concellos entre 20 e 50.000 habitantes e que si se lles mandou por escrito, en concreto ó Concello de Narón, eu vin ese papel onde pon: "Previsión do que vostede pode dispor en seis anos: 107 millóns de pesetas", pero o resto dos concellos menores de 20.000 habitantes non tiveron ese papeliño, polo menos ese papel oficial da deputación, non digo que non chegase outro, que seguramente chegou, porque eu antes de que se empezara a facer o POL xa vin notas de prensa de que o alcalde di que a deputación lle vai facer, o alcalde tal, e por certo, algúns quedáronse co cu ó aire, ou sexa, que tampouco non funcionou o artificio. Pero ben, eu aí non quero entrar. A min algún deputado do grupo de goberno queixábaseme cando entramos aquí de que ían máis obras de concellos do PSOE e do BNG ca do PP, pero a min dáme igual, son concellos, e non son do PSOE, nin do BNG,

son concellos, e eu digo que quedan 41, non me interesa se son do BNG, do PSOE, ou do PP, dá igual, quedan fóra 41 concellos. Polo tanto, eu creo que o tivemos solemnemente mal.

Pero sigo volvendo a un tema que a min me preocupa: Plan operativo local, isto non é unha relación de obras para facer no 2001, isto é unha anualidade dun plan, o Plan operativo, chámase Plan operativo local porque é plan, porque planifica, porque é operativo, porque quere ser operativo, quere ser funcional e ¿por que é local?, porque entende que funciona coas previsións da Administración local, nin é plan, nin é operativo local, chámenlle vostedes a isto: listaxe de obras que van executar por valor de 1.235 millóns de pesetas no ano 2001, en base a un financiamento que temos do FEDER e do Ministerio para as Administracións públicas, isto non é Plan operativo local, pero ademais, non existe, eu sigo dicindo aquí, e desde logo farei as miñas consultas, a ver se é legal que hoxe aquí aprobemos unha anualidade sen que se aprobe o conxunto do plan, porque desde logo é a primeira vez que pasa todo iso, e o plan hai que aprobalo e separar a anualidade correspondente, e iso non o fixemos.

Polo tanto, Sr. Varela, lamento moitísimo ser longo nas miñas intervencións, pero claro, creo que se non son longo cando falamos destas cousas, non sei aquí cando podemos estendernos, porque entón chegamos aquí, acabamos en cinco minutos e un dos temas fundamentais dos que tramita esta deputación, dos que ten que discutir esta deputación, pasan practicamente sen mágoa nin gloria, e desde logo, o noso grupo non vai estar nesa liña. Polo tanto, eu creo que deberíamos de perder un pouquiño máis de tempo nos temas de planificación, nos debates das comisións e, desde logo, claro, perdemos unha ocasión, a min tampouco non me vale, dígoo con toda claridade, a min non me vale que adientemos que as obras do 2002 son o resto da planificación do 2001 que fixemos mal, síntoo moito, senón, eu tamén lle houbera votado a favor, pero a min non me vale iso; se a min me valera o sistema, eu votáballe a favor de todo, pero a min non me vale o sistema, aínda que me deixe, aínda que teña o compromiso de que se executen no 2002 as que non se executen con baixas deste ano, non me vale, porque a planificación e os complementarios do 2001 están mal, non hai criterios, eu non os vexo por ningures, entón, tampouco me vale.

E xa lle digo, entre as complementarias e as que van de titulares, é onde quedan fóra toda esa cantidade de concellos, corenta e pico, que son moitísimos concellos porque case case, é o 40% dos concellos da nosa provincia e, polo tanto, estamos falando de palabras maiores, e eu actos de fe, non creo neles, é dicir, non creo nos actos de fe, entón eu non quero esperar ó 2002 para encontrarme con novas sorpresas, xa non falo do 2.003 que é o ano electoral onde vai haber eleccións municipais, onde xa sabemos todo o mundo o que pasa cando hai eleccións, que todo o mundo se pon nervioso e empezan a moverse as cadeiras, empezan a moverse tódalas cousas, móvese o diñeiro, e desaparece a planificación, se é que existía. Entón, eu xa non falo do 2.003, que se o 2001 é a odisea do espacio, en fin, o 2003 era a odisea do "rápido", non do "despacio".

Polo tanto, Sr. Varela, eu lamento que vostede e eu, efectivamente, en moitos casos non estamos falando de cousas iguais, creo que vostede aínda ten un defecto da

Corporación anterior onde máis nada que se falaba de números, e parecía que nesta Corporación á parte de números íase falar doutra cousa, pero vexo que se segue falando de números, e entón, polo tanto, estamos moi mal.

Sr. Varela Rey

En prol de que vostede poida dicir o que entenda oportuno, tampouco non o tome moito en serio, porque ademais, por outro lado non o fai, ou sexa intervén o tempo que cree oportuno e non pasa nada, ou sexa, que defenda vostede como entenda mellor o que é toda a planificación do POL ou de calquera outro plan, en todo caso escoitámolo con todo o agarimo, aínda que non compartamos moitas das cousas que vostede di, de vez en cando algunha si, porque se falara pouco, ó mellor era máis difícil compartir, pero ó falar moito sempre hai algunha cousa que, efectivamente, estamos de acordo. Digamos que, en plan distendido, como non é doutra maneira, loxicamente, desde o goberno, desde o grupo popular, en ningún caso nosoutros pretendemos culpabilizar a ninguén, e moito menos a ningún concello, en ningún caso. O que vostede propón, ou a súa visión de como se podería enfocar a tramitación, ou a planificación, do que sería este POL, sería cun carácter máis cerrado, desde o propio goberno entendeuse con carácter máis flexible e que, en calquera caso, é dicir, as obras tampouco imos fixalas que teñen que ser 55.323.000, é dicir, un concello que lle corresponderían 55, tampouco pasaría nada se foran 56 ou 57, seguramente que ese non debería ser o problema para completar calquera tipo de planificación.

Polo tanto, digamos que a suxestión, as indicacións, foron con ese carácter de flexibilidade e nunca con carácter tan cerrado. E no outro sentido reiterar que foron atendidos tódolos proxectos e tampouco o que se vai aprobar hoxe, neste primeiro plan, e a partir de aí iranse incorporando dentro do complementario aquelas obras que se vaian, loxicamente, atendo ós criterios que sinalaron como indicativos dentro da propia planificación do POL, e polo tanto, iso é o que agardamos que se vaia efectuando.

O que se faga a planificación a sete anos, cando vostede fala de que se debería de facer hoxe, ó mellor facela a sete anos pódese facer con carácter xeral, pero con carácter particular seguramente que é máis difícil o aquilatar o tipo de proxectos que deberían ir nun período longo de sete anos.

E con carácter xeral si que están, porque os concellos tivemos que solicitar, dentro das medidas, que hai varias medidas, qué cantidade se ía incorporar en infraestructuras, que cantidade se ía incorporar en ámbito turístico, ou en obras de carácter sociocultural, iso si cada concello remitiu por escrito á Deputación provincial como referencia onde está esa planificación de carácter global, o que se fixo foi individualizalas porque parece que adiantarse con ese carácter individualizado en sete anos, seguramente que aí sempre pode haber unha modificación de criterio nun momento determinado, ou o que eu sinalaba ou apuntaba antes, que pode haber incluso calquera outro financiamento doutra Administración que che permita acollerte ó mellor a algún proxecto en concreto.

E, polo tanto, eu creo que o carácter xeral de planificación está realizado, e o carácter individualizado de cada obra en concreto, debe de ir aprobándose en cada anualidade correspondente. A primeira anualidade eu creo que ademais si estaba perfectamente planificada, como foi na rede viaria, estaba planificada polos servicios técnicos da deputación e, polo tanto, aquelas vías de preferencia que había na provincia foron as que se incorporaron nesa primeira anualidade. Nesta seguinte son con carácter de infraestrutura, fundamentalmente en abastecementos de agua e saneamentos, e eu creo que esa vai seguir sendo a dinámica e a lóxica que vai imperar neste Plan operativo local. Moitas gracias.

Sr. presidente

Direille Sr. Rodríguez Doval que, sen ningunha dúbida, estamos vendo este tema de visións diferentes, de verdade eu non comparto nada en absoluto as súas palabras que fala dun proceso enrevesado, falto de claridade. Eu creo que aquí se dixo, e que non é frecuente facelo, que se convocou a tódolos alcaldes, explicouse como ía ser o desenvolvemento deste plan, deste POL, que se dixo, como ben dixo vostede, cal era a cantidade orientativa, porque tampouco o que non podemos é un proxecto interesante partilo á metade, ou deixarlle un anaco que sen el, se cadra, non sería suficiente.

Polo tanto, creo que de enrevesado e falto de claridade, en absoluto, e pódolle dicir que esta circular foi a tódolos concellos ós de máis de vinte e ós de menos de vinte; vostede ve aí unha relación de proxectos que hai, que hai dos de máis de vinte, hai bastantes de menos de vinte mil habitantes. Polo tanto, houbo información a todos, e fálase de falta de racionalización, ben pois eu creo que unha racionalización onde se di que a cantidade vai ser esa, orientativa, volvo a repetir, e se alguén esgota esa cantidade orientativa no primeiro ano, pois o segundo ano, ou o terceiro ano ou cuarto, non o terá, hai que facer un reparto equitativo entre todos, hai que facer un reparto equitativo, se alguén o esgota agora, pois esgótao agora.

E, desde logo, non podemos facer unha planificación, dalgunha forma o dicia o portavoz do Partido Popular, unha planificación esmiuzada por concellos e obras porque non temos proxectos netes intres, non temos proxectos, o que si sabemos é que cada ano imos ter 1.235 millóns de pesetas, sabemos que temos unha cantidade e así imos repartir para proxectos hidráulicos, outro para ambiente, e outro para estradas, e estámolo facendo.

Polo tanto, eu creo que os concellos teñen información suficiente, saben cáles son as cantidades orientativas que teñen que ser, e polo tanto, creo que estamos na boa liña e serán atendidos tódolos concellos. Eu creo que neste, xa segundo ano, como ben dixo vostede, que estean aí trinta e tantos concellos de noventa concellos, eu creo que é bo, e aínda nos quedan cinco anos por diante. Polo tanto, creo que o estamos enfocando de forma diferente.

E, desde logo, non estamos abrindo cada vez máis o abano de convocatorias, ó contrario, estamos aglutinando. Vostede sabe que o Plan de infraestruturas 2000 está

aglutinado co POS neste momento, e así seguiremos e seguiremos, por suposto, respectando a liña política desta deputación de darlle a máxima autonomía ós concellos. E neste sentido, contéstolle ó Sr. Fernández Moreda, que temos, eu creo que plans políticos de futuro, non só funcionamos, ou aquí soamente poderíamos funcionar cos funcionarios, que están facendo un gran labor, que sería con eles suficiente para desenvolver os plans que temos, senón eu creo que temos plans políticos para un futuro, e estámolo demostrando, como foi a redución da recarga do imposto de actividades económicas ás empresas, para axudar á creación do emprego, como é ese proxecto de aforro enerxético que temos en marcha, como é ese plan de apoio turístico ós concellos, que hai unha cantidade considerable, como ben sabe vostede, neste ano, etc., etc., ou o que dicía deste plan político de respecto e completa autonomía ós concellos. Independentemente que ben sabe vostede que estamos facendo un gran esforzo, e é ben certo que vostede solicitou aquí, ou consideramos oportuno, de solicitar de Europa os medios que consideremos máis oportunos, ou máis cantidade posible, tanto estruturais, como FEDER, ou de cohesión, etc., etc. Xa sabe que entre outras desas accións, técnicos desta deputación e eu mesmo, e con alcaldes, estivemos en Bruxelas para intentar obter a máxima información. Neste senso acábase de publicar un catálogo e estámonos preparando para obter ou poder conseguir eses fondos de cohesión, FEDER, etc., etc., para obras importantes desta Deputación e tamén para os concellos.

Polo tanto, creo que estamos na liña política do que se debe de facer nesta provincia, creo que este Plan operativo local estase facendo con toda a racionalidade e con toda claridade e, polo tanto, seguiremos nesa liña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (4 do BNG; 1 do PSOE por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación -artigo 54.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vistos os escritos remitidos polo Ministerio de Administracións Públicas relativos á elaboración do Programa operativo local obxectivo 1, anualidades 2000-2006, onde se conteñen as instrucións sobre a súa elaboración así como o plan financeiro para os sete anos da súa vixencia.

Vista a proposta da Presidencia desta Deputación en relación coas obras que se han incluír na anualidade 2001.

1º) Aprobar a anualidade 2001 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, Feder, Deputación e concellos, as súas cifras

globais de financiamento, detalladas por axentes financiadores e medidas de actuación son as seguintes:

	Medida 5.3	Medida 3.1	Medida 3.3	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	137.164.405	5.867.548	7.163.041	150.194.994
FEDER	693.504.986	27.547.336	38.803.359	759.855.681
DEPUTACIÓN	240.824.969	12.420.950	9.989.506	263.235.425
CONCELLO	56.394.440	2.412.412	2.945.048	61.751.900
TOTAL	1.127.888.800	48.248.246	58.900.954	1.235.038.000

A Deputación financiará as cantidades que lles correspondan ós concellos.

O importe total de 1.235.038.000 ptas. a que ascende a anualidade 2001 do POL, financiarase con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2001.

2º.-Aprobar os proxectos dos investimentos anuais e plurianuais que se inclúen na anualidade 2001 do POL, e que a continuación se relacionan co detalle do seu financiamento.

a) Obras anuais POL 2001

Medida 5.3: Infraestructuras e equipamentos colectivos concellos menores de 20.000 hab.							
Código	Concello	Denominación da obra	Ozto.	MAP+FEDER MAP	FEDER	DEPUT.	CONCELLO
01.2300.0030.0	AMES	Ampl. rede saneamento e abast. parroquia de Cobas	76.932.729	9.355.915	47.303.627	16.426.551	3.846.636
01.2300.0031.0	ARZÚA	Edf. Recinto Multiusos-Mercado: acabados e urbz. 1-f	117.593.770	14.300.771	72.304.881	25.108.429	5.879.689
01.2300.0032.0	BOQUEIXÓN	Ampl. red esan. Lamas, Sergude e Boqueixón	63.446.772	7.715.866	39.011.517	13.547.050	3.172.339
01.2300.0033.0	CABANAS	Rede sumidoiros nucleos de Barreira e Formarís	23.790.886	2.893.249	14.628.302	5.079.791	1.189.544
01.2300.0034.0	CAMARIÑAS	Conducción auga entre Pedras Grandes e A Croa	105.570.790	12.838.637	64.912.312	22.541.301	5.278.540
01.2300.0035.0	CAPELA	Dep. augas residuais As Neves	27.011.086	3.284.862	16.608.306	5.767.364	1.350.554
01.2300.0036.0	CAPELA	Dep. augas residuais Gunxel	21.158.397	2.573.107	13.009.664	4.517.706	1.057.920
01.2300.0037.0	CEE	Adquisición vehículo recollida lixo	17.400.000	2.116.043	10.698.738	3.715.219	870.000
01.2300.0038.0	CERDIDO	2-F de distrib. de auga potable en A Barqueira	30.883.760	3.755.825	18.989.498	6.594.249	1.544.188

01.2300.0039.0	CORISTANCO	Camion lixo 18 Toneladas	18.212.000	2.214.791	11.198.012	3.888.597	910.600
01.2300.0040.0	DODRO	Abast. auga San Xulián Laiño e Castro	38.547.765	4.687.857	23.701.864	8.230.656	1.927.388
01.2300.0041.0	FENE	Rep. rede abast. Perlío-Fene	36.198.248	4.402.128	22.257.217	7.728.991	1.809.912
01.2300.0042.0	FENE	Abast. auga Limodre	38.664.289	4.702.028	23.773.511	8.255.536	1.933.214
01.2300.0043.0	FRADES	Recup. paisaxística arredores Casa do Concello Frades	19.380.692	2.356.918	11.916.606	4.138.133	969.035
01.2300.0044.0	LAXE	Novo depósito abastecemento en Espiñaredo	33.883.943	4.120.682	20.834.220	7.234.844	1.694.197
01.2300.0045.0	MUGARDOS	Abast. de auga ó núcleo de San Antonio de Simou	15.141.003	1.841.322	9.309.749	3.232.882	757.050
01.2300.0046.0	ORTIGUEIRA	Nova ETAP e dep. do Baleo	128.163.825	15.586.213	78.804.091	27.365.330	6.408.191
01.2300.0047.0	PADRÓN	Enclave feiral promoción eventa Pementos Padrón	103.923.000	12.638.246	63.899.135	22.189.469	5.196.150
01.2300.0048.0	P. DO CARAMIÑAL	San. Ponte Barbanza	49.999.999	6.080.582	30.743.499	10.675.918	2.500.000
01.2300.0049.0	PORTO DO SON	Casa da Cultura de Caamaño, 2ª e 3ª fase	36.987.590	4.498.121	22.742.559	7.897.530	1.849.380
01.2300.0050.0	AS PONTES	Rehabilitación e ampliación edificio para conservatorio	49.334.051	5.999.595	30.334.028	10.533.725	2.466.703
01.2300.0051.0	CARIÑO	San. e recollida de pluviais R/ de Cariño e Cabanan	25.111.289	3.053.825	15.440.178	5.361.722	1.255.564
01.2300.0052.0	Manc.Val do Ulla	Recollida de residuos: Garaxe para vehículos recollida de lixo	6.211.800	755.427	3.819.449	1.326.334	310.590
01.2300.0052.1	Manc.Val do Ulla	Recollida de residuos: Equipo para lavado de colectores	16.233.852	1.974.225	9.981.709	3.466.225	811.693
01.2300.0052.2	Manc.Val do Ulla	Recollida de residuos: Autobastidor adecuado a equipo de lavado	7.888.000	959.273	4.850.095	1.684.232	394.400
01.2300.0052.3	Manc.Val do Ulla	Recollida de residuos: Equipo recolector compactador de lixo	10.881.264	1.323.288	6.690.563	2.323.350	544.063

01.2300.0052.4	Manc.Val do Ulla	Recollida de residuos: Autobastidor adecuado a recolector compactador	9.338.000	1.135.609	5.741.656	1.993.835	466.900
TOTAL			1.127.888.800	137.164.405	693.504.986	240.824.969	56.394.440

b) Obras plurianuais do POL 2001

Medida 3.1: abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas concellos de máis de 20.000 habitantes e menos de 50.000 habitantes							
Conc. Código	Denominación da obra		Orto.	MAP+FEDER MAP	FEDER	DEPUT.	CONC.
ARTEIXO 01.2300.0053.0	Conducc. Candame Gasolinera, Iglexario-Lañas	2.001	20.626.981	2.508.481	11.776.975	5.310.176	1.031.349
		2.002	14.334.003	1.743.182	8.183.999	3.690.122	716.700
		TOTAL	34.960.984	4.251.663	19.960.974	9.000.298	1.748.049
OLEIROS 01.2300.0054.0	Dep. regulación abast. Edreira-Oleiros	2.001	27.621.265	3.359.067	15.770.361	7.110.774	1.381.063
		2.002	23.921.945	2.909.187	13.658.234	6.158.427	1.196.097
		TOTAL	51.543.210	6.268.254	29.428.595	13.269.201	2.577.160
	TOTAL ACUMULADO	2.001	48.248.246	5.867.548	27.547.336	12.420.950	2.412.412
		2.002	38.255.948	4.652.369	21.842.233	9.848.549	1.912.797
		TOTAL	86.504.194	10.519.917	49.389.569	22.269.499	4.325.209

Medida 3.3: saneamento e depuración de augas residuais concellos de máis de 20.000 habitantes e menos de 50.000 habitantes							
Conc. Código	Denominación da obra		Orto.	MAP+FEDER MAP	FEDER	DEPUT.	CONC.
ARTEIXO 01.2300.0055. 0	San. Canzobre e Santa Icia	2.001	17.321.831	2.106.536	11.411.449	2.937.754	866.092
		2.002	12.037.205	1.463.864	7.929.990	2.041.491	601.860
		TOTAL	29.359.036	3.570.400	19.341.439	4.979.245	1.467.952
RIBEIRA 01.2300.0056. 0	Canalización de río, san. e drenaxe pluv. Avda. Rosalia de Castro e rúas adxacentes	2.001	41.579.123	5.056.505	27.391.910	7.051.752	2.078.956
		2.002	52.918.884	6.435.552	34.862.432	8.974.956	2.645.944
		TOTAL	94.498.007	11.492.057	62.254.342	16.026.708	4.724.900
	TOTAL ACUMULADO	2.001	58.900.954	7.163.041	38.803.359	9.989.506	2.945.048
		2.002	64.956.089	7.899.416	42.792.422	11.016.447	3.247.804
		TOTAL	123.857.043	15.062.457	81.595.781	21.005.953	6.192.852

3º.-En uso das facultades conferidas ó Pleno da Corporación no artigo 155.5 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade sexa a indicada no apartado anterior.

4º.-A Deputación comprométese a incluír no orzamento de 2002 as cantidades necesarias para financiar as correspondentes anualidades da obra Plurianual, así como a suplir con fondos propios se fose necesario, as achegas do resto das Administracións cofinanciadoras.

5º.-As baixas que se produzan na adxudicación das obras plurianuais citadas anticiparán o financiamento das mesmas, aplicándose polo seu importe total na minoración da derradeira ou, no seu caso, últimas anualidades previstas

6º.- Aprobar o Plan Complementario ó POL 2001 no que se inclúe a seguinte programación de investimentos con indicación do concello, denominación e orzamento que se financiarán cos remanentes que se puideran producir polas baixas de licitación ou anulacións de proxectos, de forma que súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan ditos remanentes.

Esta relación ten carácter de "programación de actuacións que se han incluír no Plan complementario ó POL 2001", de forma que unha vez estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade de terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, o Pleno da Deputación prestará aprobación ós correspondentes proxectos.

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO
ARANGA	San. Rego das Camposas-Muniferral...	10.196.739
ARES	San. Chanteiro 1-2-3-fase	114.179.583
ARTEIXO	Red residuais en Armentón (fase 2 Roris-Campolongo)	10.189.593
ARTEIXO	Dotac. serv.rede sum. parrq. Moras	21.285.785
ARTEIXO	Colector Moucho-Villarrodís	13.970.351
ARTEIXO	San. Monteagudo	12.656.073
BERGONDO	EDAR conducción e san. Peteiro e Sta. Marta de Babío.	45.261.699
BERGONDO	San. zona de Guisamo (Tramo I)	30.198.695
BETANZOS	Dot. colectores de san. e pluv. mellora seg. vial Trav. cr. provinciais	43.145.086
BOIMORTO	San. Campo da Lanza-Verea-Liñeiro	21.982.788
BOIMORTO	Abast. auga Rodieiros,Corneda e Dornea	32.149.631
BOQUEIXON	EDAR rede de saneamento en Ledesma	62.400.843
BRION	Saneamento e abast. auga en Brión	248.577.371
COIROS	San. e depuración de Coirós	103.092.955
CORISTANCO	Rede abast. auga parroq. Couso	19.000.000
CULLEREDO	San. Liñares	102.409.537
CURTIS	Rede de abast. e ETAP de Curtis e Teixeiro	102.281.550
DUMBRIA	San. lugar de Ezaro fase III	53.999.997
DUMBRIA	Inst. emisario submarino	40.945.761
FRADES	Abast. integral auga potable Concello Frades	200.828.488
LARACHA	San. abast. dep. Gabenlle-Toras	21.475.934
LARACHA	San. abast. dep. A Grela-Leston	17.178.111
LOUSAME	San. S. Xoan de Camboño	63.143.971
MAÑÓN	San. e EDAR estrada áa estación	11.593.410
MIÑO	San. parroquias de Carantoña e Calobre	80.168.497
NEDA	San. O Couto e Sta. María	55.272.500
OLEIROS	Rede abastecemento de auga Avda. Che Gevara	17.740.537
OUTES	Ampl. de colectores e san. integral Outes e o.	84.858.130
PADERNE	2ª fase rede sum. Velouzas-Sas	12.153.539
PADERNE	2ª fase rede sum. Souto-Chantada	12.810.734
PADERNE	Fases rede sum. Viñas-Trasmil-Porto-Montecelo....	17.179.078

PONTECESO	Abast. auga Cores, Niños e Brantuas	51.955.155
PONTEDEUME	San. Andrade-Valdeviñatos	114.024.353
PORTO DO SON	San. Nebra e Baroña	12.528.455
PORTO DO SON	San. Goians, Ribasieira, etc...	15.930.622
RIANXO	Saneamento na parroquia de Araño	112.960.015
SADA	Est. bombeo de san. e san. Costa do Tepe e outro	15.999.167
SOBRADO	Abast. integral de auga potable	80.082.784
TORDOIA	Abast. auga parrq. Castenda, Bardaos e Corgullos.	185.327.321
VAL DO DUBRA	Nova captación de depósito auga potable	37.167.321
VILASANTAR	Vivenda compartida para maiores	41.117.824
VIMIANZO	Urbz. dos arredores e aparcadoiro do Centro de saúde	23.834.635
ZAS	C.C. e Edif. Serv. Mult. de Zas 2ª fase	28.923.520
TOTAL		2.402.178.138

Este Plan complementario poderá ser modificado ou ampliado na forma e cos trámites establecidos no R.D. 1328/97 e Orde do 7 de maio de 1998, coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e do FEDER.

7º.-Disponer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

8º.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

9º.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción.

10º.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, debéndose entender emitido favorablemente no prazo de 10 días dende a súa recepción ".

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión, sendo as trece horas e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.